

Ruta Lires – Fisterra, por la costa.

Distancia: 21 km.

Dificultad: baja.

Trayecto: la ruta comienza en la aldea de Lires, cruzando el puente y siguiendo camino por la orilla izquierda del estuario, frente a la piscifactoría de truchas (1969). Desde la playa se sigue el camino que bordea el Mellón de Lires y luego se adentra en un monte de pinos y eucaliptos, enlaza con un tramo de la ruta jacobea y va a salir a Padrís. Una pista desciende a la playa de O Rostro, un arenal salvaje y abierto al mar, que atravesamos, y al final seguimos por el camino costero que pasa por la punta de O Castelo, donde se encuentra un recinto castrexo marítimo que le da nombre, al igual que a la aldea de Castromiñán. Desde aquí se observan con claridad los terraplenes de sus defensas. Un camino lleva a este núcleo de población.



Después de la playa de A Arnela, continuamos camino por la pista que conduce a Denlle, Vilar y a San Vicente de Duio. Seguimos por Hermedesuso de Arriba hasta San Martiño de Abaixo. Nos dirigimos hacia la playa de Mar de Fora, arenal muy batido abierto al océano, en claro contraste con los arenales del interior de la ría.



Al final de la playa cogemos un camino que sube a la aldea de Insua, y después seguimos la pista que bordea la península del cabo por la parte oeste y conduce al Monte Facho, desde el que se disfrutan unas inmejorables vistas del océano, O Centolo (un islote), la villa de Fisterra y toda la ría de Corcubión. Bajando O Facho llegamos a San Guillherme, donde se encuentran los restos de una antigua capilla dedicada a este santo, y que durante la Edad Media fue lugar de peregrinación, y a la que acudían los matrimonios estériles para tener descendencia. Descendiendo por la pista terminamos en la iglesia parroquial de santa María das Areas (s. XII), templo de origen románico reformado en épocas posteriores. En su interior se encuentra la capilla del Santo Cristo, de estilo barroco (s. XVIII). Se conserva un valioso retablo del mismo estilo, obra del escultor santiagués Miguel de Romay. La imagen del Cristo es gótica y fue donada por Vasco Pérez de Mariño, obispo de Ourense. Frente a la iglesia se encuentra el Castillo de San Carlos, del s. XVIII.

A Igrexa.

A súa orixe establécese no ano 1199 segundo escrito de dación de Dona Urraca Fernández, filla do Conde de Traba que reza “V. modios de pane et tertian vacarum mearum de montealto. Ad opus ecclesie Ste. Marie de finibus terre”. Orixinariamente tiña planta de salón (cuadrangular) pero co paso dos tempos fóronselle engadindo varias capelas e a sancristía.

A lendaria vinculación do Apóstolo Santiago con estas terras fixo que Fisterra fora moi visitada coma final do Camiño, para orar ante o Santísimo Cristo, de tal forma que nos séculos XIV, XV e XVI foi tal o número de peregrinos que o párroco da vila, Alonso García, decidiu fundar o Hospital de Peregrinos da Nosa Señora do Rosario en 1479, construído fronte á fachada principal da igrexa.



Destaca neste templo a súa riqueza artística, sempre influenciada polas correntes arquitectónicas aplicadas na catedral de Santiago, e polo influxo do Camiño de Santiago, sen dúbida polo elevado número de peregrinos que tras visitar a tumba do Apóstolo dirixíanse a estas terras para rezar ante o Santísimo Cristo e ver o mar, moitos deles por primeira vez na súa vida.

Esta custodia de campaniñas que se emprega nas procesións do Corpus, estivo culto durante moitos anos no interior da igrexa sen dúbida fíxose desaparecer ante o temor de que naves francesas, que por esas datas devastaban estas costas, saqueando as igrexas. Afortunadamente foi recuperado en 1890, durante unhas obras de reforma.

Capela e Imaxe do Santísimo Cristo de Fisterra

A capela ten planta rectangular e estilo barroco. Hai investigadores que atribúen a súa autoría ao mestre Domingo A. de Andrade, destacado artista na construción da Catedral de Santiago, ou ben a Frai Gabriel de las Casas. En todo caso a súa construción iniciouse en 1695 para albergar o retablo que ampara a imaxe do Santísimo Cristo de Fisterra. Dito retablo data de 1721, é obra de Miguel de Romay, da súa etapa de madurez artística.

Segundo a tradición, a imaxe gótica do Cristo (principios do s. XIV) é obra de Nicodemus. Conta a lenda que era transportada por un barco que houbo de arroxala ao mar, en punta Cabanas, a fin de amainar o temporal que azoutaba a zona e proseguir así a súa viaxe. Entre os máis famosos milagres do Cristo da Barba Dourada destaca a conversión duns mouros que tras desembarcar preto da igrexa irromperon nela coa intención de profanala. Existen outras imaxes similares en Burgos e Ourense, procedendo esta última dun regalo do bispo Fisterrán Vasco Pérez Mariño, ao pasar a rexer a sede episcopal de Ourense.

Capela Maior

Esta capela, de mediados do s. XIV, forma parte do deseño primixenio do conxunto da igrexa, xunto coa nave central, que formaban un todo antes da incorporación das restantes capelas conservando numerosas partes do s. XII.

Destacan aquí o sagrario barroco, a ventá do muro cabeceiro, de orixe románica, e a magnífica imaxe da patroa da parroquia, Nosa Señora das Areas, obra renacentista da primeira metade del S. XVI. Así mesmo, ata principios do presente século existiu un retablo maior de estilo barroco realizado por Francisco Antas en 1640 que desafortunadamente perdeuse e



do que só se conservan debuxos. Probablemente parte da imaxinería que se conserva na actualidade aloxábase neste retablo maior, co Santiago Peregrino da nave central.

Capela da Purísima e Capela da Nosa Señora do Carne

Recibía o nome de Nosa Señora da Quinta Angustia e San Miguel. Foi fundada por Roy Estévez e Alverta González o 3 de Abril de 1496. De estilo gótico Borgoñano, esta capela, á que se accede a través dun arco apuntado, ten coma característica destacable a bóveda de crucería.

A Capela da Nosa Señora do Carne baixo a advocación da Nosa Señora do Rosario, que deu nome a esta capela durante moitos anos, foi fundada por María Blanca, viúva do mercader Fernando de Mallo o ano 1524. De estilo plateresco, o seu interese radica por ser unha plasmación das primeiras repercusións artísticas en Galicia do novo claustro da catedral compostelá, repetíndose a bóveda e o escudo arzobispal. O retablo, decorado co escudo da orde carmelita, foi doado por Matheo Pérez Valdivieso en 1741.

Nave Central, Baptisterio e Porta Santa

A nave central data de principios do S.XV, cos seus arcos e semicolumnas góticas, se ben partes de lenzo do seu muro norte, coma a ventá do muro testeiro, ou a portada principal están datadas a finais do s. XII. Destaca a imaxe de Santiago Peregrino, do S.XVII.

O baptisterio recibía o nome de Capela de Santa Lucía e é a máis antiga das capelas adosadas á nave central ao longo dos séculos. Probablemente foi fundada entre 1225 e 1250, e o seu estilo é enteiramente gótico tanto o seu arco de entrada coma a súa bóveda de crucería. Conserva no seu interior dúas sepulturas de benfeitores desta edificación.

A Porta Santa é unha porta travesa das escasas mostras do estilo Egas en Galicia, decorada no seu exterior con motivos acantiformes, e franqueada por dous escudos: dos Feijoo e dos Recamán. Esta Porta Santa é a ruta de entrada ao templo nos actos do Ano Santo.